

ACTA NÚM. 1 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DO PERSOAL ADSCRITO AO PLAN DE EMPREGO LOCAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PEL CONCELLOS-2022

Proceso selectivo: 1 CONDUTOR/A

No Centro Sociocultural Auditorio de Rianxo, ás 09:30 h do día 20/06/2022, réunese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para a contratación de 1 condutor/a adscrito/a á subvención Plan de emprego local PEL-CONCELLOS 2022, segundo as bases aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 433/2022 do 07/06/2022 coa seguinte composición:

Presidente: Gabriel Bermúdez Piñeiro, Encargado municipal de obras,

Vocal: M^a Aurora Rodríguez Rey, AEDL Aux. do Concello de Rianxo (II)

Vocal: Laura Romero Comojo, administrativa municipal (IV)

Secretaria: Vicenta A. Campaña Martínez, auxiliar administrativa municipal (C2)

O Presidente declara constituído o Tribunal e dá conta dos antecedentes do proceso:

Primeiro: o día 7 de xuño de 2022 preséntase a oferta de emprego corresponde na oficina de emprego de Boiro; o día 13 de xuño de 2022 recíbese o resultado da dita oferta que inclúe a 5 aspirantes.

Segundo: Nos días seguintes contáctase coas persoas incluídas na listaxe para que se acheguen ao Concello para comprobar se reúnen os requisitos establecidos nas bases de selección e que veñen determinados polas esixencias da Deputación da Coruña, entidade subvencionadora, ao respecto dos colectivos aos que vai dirixido o programa; entregase a cada aspirante unha copia das bases de selección. O resultado é que so se presentan 3 persoas aspirantes das 5 que poden participar no proceso.

Terceiro: convócase ás persoas aspirantes para a proba escrita que se vai realizar o luns 20 de xuño de 2022 ás 09:30 horas no Centro Sociocultural Auditorio de Rianxo.

A fase de oposición terá carácter eliminatorio e, para superala, será necesario obter cando menos a metade da puntuación máxima prevista nela.

Ás 09:30 h, realízase o control de asistencia á proba escrita e o acceso á sala na que se vai realizar. Unha vez dentro explícaselles ás persoas aspirantes como se vai desenvolver o exame e fanse as aclaracións ao respecto da documentación que se lles presenta (Proba escrita de galego).

Ás 09:45 horas iníciase a proba escrita e remata ás 10:05 h, unha vez que rematan todas as persoas aspirantes.

O Tribunal realiza a corrección dos exames e obtéñense os seguintes resultados:

APELIDOS E NOME	OPOSICION	Respostas	Respostas
-----------------	-----------	-----------	-----------

		Correctas	Erradas
Arufe Rivas, Santiago	4,67	12,00	8,00
Gómez Tubío Manuel	7,33	16,00	4,00
Martínez Miguéns, Francisco	8,67	18,00	2,00

Polo tanto, a fase escrita da oposición queda como segue:

APELIDOS E NOME	OPOSICIÓN	
	Máx. 14 p. Proba escrita	APTO/NON Galego
Arufe Rivas, Santiago	NON SUPERA	APTO
Gómez Tubío Manuel	SUPERA	APTO
Martínez Miguéns, Francisco	SUPERA	APTO

Superan a proba 2 dos 3 aspirantes presentados; quedan excluídos do proceso os aspirantes que non a superaron ó non acadar a puntuación mínima da proba escrita (7 puntos).

A continuación convócanse para as 12:00 H na explanada que se atopa ao lado do Centro Sociocultural Auditorio de Rianxo aos aspirantes que superaron a proba escrita para a realización das probas prácticas de manexo de vehículos, que quedan da seguinte maneira:

1. Primeira parte (5 puntos): Proba práctica de manexo do camiión:

APELIDOS E NOME	PROBA PRACTICA Punt. Máxim. 5 puntos			
	Tempo empregado	Conducc.	Destreza	TOTAL
Gómez Tubío Manuel	07:01:20	1,75	2,50	4,25
Martínez Miguéns, Francisco (1)	05:32:38	2,00	1,00	3,00

(1) Non adecou a velocidade do vehículo coas marchas necesarias

2. Segunda parte (5 puntos): Proba práctica do manexo do tractor:

APELIDOS E NOME	PROBA PRACTICA Punt. Máxim. 5 puntos			
	Tempo empregado	conos tirados	Conduc. E destreza	TOTAL
Gómez Tubío Manuel	07:40:00	0,00	5,00	5,00
Martínez Miguéns, Francisco	12:26:91	1,00	2,00	2,00

O resultado global na fase de oposición sería:

APELIDOS E NOME	OPOSICIÓN			
	Máx. 14 p. Proba escrita	APTO/NON Galego	Máx. 10 p. Proba práctica	TOTAL
Gómez Tubío Manuel	7,33	APTO	9,25	16,58
Martínez Miguéns, Francisco	8,67	APTO	5	13,67

O tribunal decide volver a reunirse o venres 01/07/2022 ás 10:35 horas para facer as valoracións da documentación xustificativa dos méritos alegados polas persoas aspirantes que presentaron con anterioridade no Rexistro Xeral do Concello.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 13: 30h, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será asinada pola Secretaria do Tribunal.